

CV BREVE. CELTIA RODRÍGUEZ-GONZÁLEZ

Graduada en Historia pola Universidade de Murcia (2015), con máster en Arqueoloxía na Universidade de Granada (2016). Actualmente levando a cabo o seu proxecto de tese de doutoramento “Arqueología de Género en Galicia. Un estudio de las relaciones de género y las Actividades de Mantenimiento en la transición de la Tardoantigüedad al mundo Alto Medieval” na Universidade de Santiago de Compostela dentro do grupo SÍNCRISIS, que compatibiliza con saídas a campo e campañas de escavación como Arqueóloga. As súas principais liñas de investigación céntranse nos estudos de mulleres e de xénero en Galicia a través da arqueoloxía, xunto a estudos da infancia, ou da arqueoloxía da morte. Destaca tamén o marco espacial no que se move que é arqueoloxía dos séculos IV -VII d.C.

Dende o ano 2017 forma parte do grupo SPUTNIK LABREGO, onde realiza tarefas como técnica arqueóloga e leva a cabo diferentes traballos relacionadas coa súa especialidade: a arqueoloxía de xénero. Tamén pertence ao AGE “Archaeology Gender in Europe” como membro, e ao CIFEX “Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero” da Universidade de Santiago de Compostela.

Conta con varias publicacións do seu proxecto doutoral, e co grupo Sputnik Labrego aquelas relacionadas cos castros reocupados e a súa cerámica de época sueva.